



DETALLE DE CONVOCATORIA

Convocatoria para participar no 31º FETEGA, Festival do Teatro Galego "Celso Parada". O Carballiño (Ourense) segunda semana de setembro de 2020.

APARTADO DE PROGRAMACIÓN OFICIAL DE MONÓLOGOS CÓMICOS

Convocamos aos elencos e artistas galegos con espectáculos de monólogos de humor creados en Galicia e co galego como lingua na que se desenvolve.

ORGANIZA: Asociación Cultural FETEGA - C.I.F.: G32398042

PRAZOS DA CONVOCATORIA: recibiranse as propostas ata o **luns 17 de febreiro** ás 20 h a través do **formulario electrónico** accedendo en <http://bit.ly/31vDGDS>

REQUISITOS DE PRESENTACIÓN IMPRESCINDIBLES

1. Encher a solicitude de inscrición

- Nome da compañía
- CV compoñentes
- Título do espectáculo
- Sínopse e duración
- Temática
- Xénero
- Caché con necesidades técnicas e sen elas
- Lugares para ver a obra con calendario de vindeiras actuacións
- Necesidades técnicas

2. Achegar material de valoración. Precisamos que as propostas se acheguen con:

- Material que poidamos usar: vídeos (imprescindible), trailer que se poden presentar en pendrive, transferencia de arquivos MP4 ou ligazóns a ser posible.
- Fotos en formato JPG, PNG ou TIFF, que se poden presentar en pendrive, correo electrónico, transferencia de arquivos MP4 ou ligazóns a ser posible.

VALORAREMOS

- Que sexan estreas
- Número de actores e actrices
- Traxectoria, etc